

A AELG elixirá entre 30 finalistas os gañadores dos seus galardóns

O apartado de narrativa decidírase entre Rivas, Lopo, Calveiro, Zúñiga, Aleixandre e Araugas

REDACCIÓN

GALICIA

cultura@xornaldegalicia.com

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) anunciou onte os nomes das trinta obras finalistas aos seus premios literarios. Osgañadores coñeceranse o próximo día 30 de abril durante a Cea das Letras, na que estará presente Antonio Gamoneda, elixido como Escritor Galego Universal, e que terá lugar no Hotel Porta do Camiño de Santiago.

Na categoría de Narrativa, os finalistas son *O coitelo en novembro*, de Marilar Aleixandre; *Obediencia*, de Antón Lopo; *Periferia*, de Iolanda Zúñiga; *Settecento*, de Marcos Calveiro; *Todo é silencio*, de Manuel Rivas, e *Xuvia-Neda*; de Vicente Arugas. No apartado poético, o gañador decidírase entre *Bater de sombras*, de Francisco X. Fernández Naval; *Estremas* de Ana Romaní, e *Retro(visor)*, de Antía Otero.


Pola súa banda, os tres textos dramáticos finalistas son *Canibalismo*, de Marcos Abalde Covelo; *Cínicas*, de Teresa Moure, e *Flores de Dunsinane*, de Manuel Lourenzo. No apartado de blog literario, os can-

didatos son *Ferradura en tránsito*, de Xosé Manuel Eyré (xmeyre.blogaliza.org); *O levantador de minas*, de Alfredo Ferreiro (olevantador-deminas.blogaliza.org), e *Trafegando ronseis*, de Gracia Santorum e Fernández Alonso (trafegandoronseis.blogspot.com/).

O premio á mellor traxectoria en xornalismo cultural 2010, que organiza a AELG en colaboración co Colexio Oficial de Xornalistas, os finalistas son Anxo Tarrío, Daniel Salgado, Fran P. Lorenzo, Ramón Nicolás e o xefe de Cutura de Xornal de Galicia, Iago Martínez.

A categoría en Literatura Infantil-Xuvenil, coorganizado entre a AELG e Gáliz, os finalistas son *Contos para nenas que dormen deseguida*, de Pinto&Chinto; *O pintor do sombreiro de Malvas*, de Marcos Calveiro; *O segredo de Marco Polo*, de Francisco Castro, e *Suso Espada. "Nota Roja"*, de Francisco X. Fernández Naval.

Os ensaios finalistas son *Eludicóns na sombra*, de Manuel Castella; *A man que califranddo pensa: do plástico-escritural e da manuscrita novoneyriana*, de Carlos Paulo Martínez Pereiro, e *O clamor da rebeldía*, da colaboradora de Xornal Pilar García Negro. Finalmente, a mellor tradución decidírase entre *Bilbao-New York-Bilbao*, na versión de Isaac Xubín; *Lobrego Romance*, traducida por Isabel Soto, e *Randea do alento*, de Marga do Val. ■



Antonio Gamoneda, elixido Escritor Galego Universal

AMADOR LORENZO